

INTERESES BAIXOS E APOIO AO DESENVOLVEMENTO



ROBERTO CARLOS ROCA LÓPEZ

Socio de Gandeiría Carteiro SC e presidente de Cooperativa Cusoviamé

GANDEIRÍA CARTEIRO SC

Propietarios: Roberto Carlos Roca e

Ana Belén Rodríguez

Ano de fundación: 1998

Localización: Remourán (Curtis, A Coruña)

Número de animais: 177 cabezas

(90 en muxido, 13 secas e 74 xovencas)

“Automatizamos a fabricación do penso mediante un investimento grande que se puido facer grazas a acordos co banco e a subvencións”

Que plans de crecemento teñen previsto a curto prazo?

Queremos facer un establo novo para as vacas de produción e deixar neste as secas e as xovencas. O proxecto rolda os 350.000 euros de investimento. Xa o aprobamos, pero pola pandemia tivemos que atrasar un pouco os plans e ver como vai a cousa. Tamén queremos meter un arrimador para a comida que nos percorra os dous establos, o novo e o vello.

Que servizos está a ofrecerlle a vostede, como gandeiro, o Banco Santander?

Fundamentalmente bo financiamento. Fixemos con eles un plan de mellora hai dous anos no que ampliamos a fosa do xurro e fixemos un almacén novo, ampliamos a sala de muxido tamén, fixemos a compra dun tractor a través dun *leasing*... Estamos a traballar nesa liña con eles.

Tramitan a PAC con eles?

Si. A PAC estamos a tramitala a través do Santander. Temos domiciliado todo con eles. Hai outras entidades

coas que tamén estamos a traballar, pero o tema forte estamos a facelo con eles. Recibimos unha boa atención pola súa banda e non temos nada que obxectar nese aspecto.

Que foi o que máis lle interesou da oferta desta entidade?

Sobre todo, os intereses. Puxéronnos uns intereses moi baixiños en canto a anos de prolongación dos préstamos. En xeral, que nos deron facilidades para poder facerlle fronte aos préstamos.



Carteiro SC está tramitando a PAC a través de Banco Santander



COOPERATIVA CUSOVIAME

N.º socios: 535 socios, 450 que manteñen a actividade (os demais están xubilados)

Ano de fundación: En 1977 créase a sede de Santaia e en 2015 realízase a absorción da de Cambás

Localización: Santaia (Curtis, A Coruña) e Cambás (Aranga, A Coruña)

Servizos ofrecidos: fabricación de pensos e servizos de maquinaria, veterinaria e substitución



En vídeo

Que tipo de traballos ofrece na actualidade a súa cooperativa?

A base é a fabricación de pensos, pero tamén estamos a dar servizos de maquinaria, de veterinaria e de substitución, que é algo que nos demandaban os socios e que nos pareceu interesante. Agora temos un novo carro, estamos a traballar con seis carros e facendo tres rutas. Ademais, temos dous tractores e todos os apeiros que nos fagan falta para os socios. Tamén imos actualizando cada ano a maquinaria que se nos vai quedando un pouco anticuada.

Que perspectivas de futuro teñen?

A cooperativa, na nosa zona, no que respecta a crecemento, é bastante difícil que vaia a máis, porque non nos queda xente para seguir crecendo; entón as perspectivas son fundamentalmente mellorar os servizos. Ademais, na sede de Cambás queríamos facer un almacén novo, porque o que hai quedásenos pequeno.

Pode falarnos da relación de Cusoviam e co Santander?

O Santander, antes Banesto, foi unha das entidades coa que se traballou desde que se fundou a cooperativa no ano 1977. Sobre todo para temas de maquinaria e de melloras da fábrica do penso solicitamos créditos ou préstamos para axudas que concede a

Xunta. Agora mesmo temos financiamento a curto prazo e a longo. Acabamos de terminar a ampliación en Santaia e, como dicía, pensamos empezar co novo almacén en Cambás.

E que posibilidades ofrece a entidade para a súa cooperativa?

Por exemplo, estivemos estes últimos dous anos automatizando a fabricación do penso. Antes tiñan que estar dous ou tres operarios e agora unha soa persoa métese na oficina e xa o programa todo. Mesmo estamos xa moendo de noite: empezamos ás seis da mañá e ás doce da mañá temos todas as mesturas preparadas para entregarllas aos socios. Todo isto vén por mor dun investimento grande que se puido levar a cabo grazas aos acordos cos bancos e mediante subvencións, claro.

Como resumiría a súa relación co Banco Santander?

A título individual, connosco, moi ben. Son atentos e están sempre a disposición, e na cooperativa, igual. Nunca tivemos ningún problema e os acordos que tiñamos con eles cumpríronse sempre, tanto na cooperativa como na granxa.



DOSITEO TERRÓN

Director de Negocio Agroalimentario,
Territorial de Galicia de Banco Santander

Cales foron as medidas que adoptou a súa entidade cos clientes do sector agro ante a expansión da pandemia da COVID-19?

En Santander estamos sempre moi preto dos nosos clientes e nestes momentos de dificultade e incerteza estivemos e seguimos estando máis preto que nunca. A prioridade do banco está a ser protexer a saúde dos empregados, clientes e accionistas, e axudalos ante as dificultades que puidesen derivarse do actual problema sanitario. Neste sentido, e co fin de apoiar a dixitalización dos clientes, potenciamos produtos como o *Agroconfirming*, principal medio de pago para os viticultores, por parte das adegas e das cooperativas.

Cales foron os resultados no sector agro da liña de financiamento de avais ICO-COVID-19 que aprobou o Goberno?

En relación coa liña de financiamento de avais ICO-COVID-19 que por importe de 100.000 millóns de euros aprobou o Goberno en marzo para facer fronte ás necesidades de liquidez e circulante, en Santander financiamos o sector agroalimentario galego con 326 millóns de euros no que levamos de ano, o que supón un 73 % máis que no mesmo período de 2019. Respecto deste financiamento total, 155 millóns corresponden a préstamos con aval do ICO e o resto a financiamento do banco concedido mediante os seus propios créditos destinados a pemes e autónomos.

Que outras posibilidades están a ofrecer?

Outra das iniciativas que puxemos en marcha é o financiamento dos seguros agrarios ata 12 meses, en condicións financeiras moi vantaxosas, para axudar a que todos os agricultores e gandeiros poidan ter asegurada a súa colleita e o seu gando (cuns custos de financiamento realmente baixos). A axilidade do banco á hora de resolver as propostas de financiamento de agricultores e gandeiros foi determinante para que moitos empresarios puidesen seguir coa súa actividade.

Desde o 16 de outubro o sector agrario pode recibir anticipos de axudas PAC. Adoptou a súa entidade algunha medida en relación con estes pagos?

En Banco Santander, dende o inicio de campaña PAC, poñemos a disposición dos clientes que poidan realizar o anticipo PAC dos fondos que se empezan a recibir agora. Cremos que é moi importante para o sector poder dispoñer dos fondos

“Anticipamos a PAC nunhas condicións financeiras moi beneficiosas e ofrecemos a contratación do anticipo por canles dixitais”

En vídeo



dende o primeiro momento de realizar a solicitude das axudas, para que poidan planificar as súas colleitas, contando cos fondos PAC.

Baixo que condicións permite solicitar o anticipo da PAC a súa entidade?

Anticipamos a PAC nunhas condicións financeiras moi beneficiosas e ofrecemos a contratación do anticipo por canles dixitais, pódese contratar en tan só 3 clics, o que lles permite aos nosos clientes que o contraten onde, como e cando queiran, ademais de redundar nun mellor servizo e atención. Tamén, quero destacar que a tramitación da PAC en Banco Santander é totalmente gratuíta, tanto para clientes como para non clientes. Contamos cun equipo de enxeñeiros técnicos agrícolas especializados na súa tramitación, para que todos e cada un dos agricultores e gandeiros que confían a súa PAC en Santander poidan ter o mellor asesoramento.

Sabemos que para o Santander a dixitalización no sector agro é clave. Que están a facer para axudar neste sentido?

En 2020 o banco reforzou a súa aposta pola dixitalización do sector agro mediante unha liña de financiamento I+D+I AGRO co fin de que todo o sector teña acceso a profesionalizar as súas explotacións agrícolas, mediante a análise de factores como a terra ou o clima, para así obter un maior rendemento e optimizar os custos.

En que outros ámbitos dixitais traballa a entidade?

Santander foi tamén o primeiro banco en lanzar unha app orientada ao sector agroalimentario con información completa para cubrir as súas necesidades e a primeira entidade na que agricultores e gandeiros puideron levar a cabo o anticipo da PAC mediante canles dixitais. Ademais, facilítase o acceso a información de produtos e servizos do Banco Santander para o cliente Agro (agricultores, gandeiros, explotacións agrarias, comunidades de regantes, industria...): Anticipo PAC, Crédito Agro, seguros agrarios, renting de vehículos, Agrofácil...



Toda nuestra experiencia, es tuya

En el Santander llevamos **más de 30 años** ayudando a miles de **ganaderos**. Este conocimiento nos permite ofrecerte siempre el producto o el apoyo que necesitas para tu explotación, tu ganadería, tu negocio.

Infórmate sobre todas las soluciones que Santander Agro puede ofrecerte.

**Entra en bancosantander.es,
o acércate a cualquiera de nuestras oficinas.**

